

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

ORDE do 8 de xaneiro de 2026 pola que se identifica o ámbito territorial e temporal da exención no canon da auga e no canon de xestión das depuradoras nos núcleos de poboación afectados polos incendios producidos en Galicia no ano 2025.

Antecedentes:

1. A situación derivada dos incendios que afectaron Galicia durante o verán de 2025 adquiriu unha especial complexidade pola confluencia de condicións meteorolóxicas adversas, marcadas por temperaturas extremas, fortes ventos e un período prolongado de seca. Estes factores favoreceron a rápida propagación do lume, que ocasionou danos en bens públicos e privados.

2. Os acontecementos rexistrados determinaron unha situación de emerxencia humana e social para a cidadanía afectada, debido aos danos persoais e materiais que se produciron, o que fixo necesario artellar un sistema de axudas para paliar os danos causados, que tivo a súa concreción mediante diferentes ordes de axudas publicadas no *Diario Oficial de Galicia* do 30 de agosto de 2025.

3. A Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estableceu unhas exencións nos tributos propios para aquelas persoas que se viron afectadas polos incendios e, singularmente, unha exención no canon da auga para os consumos de auga realizados nos núcleos de poboación afectados polos incendios producidos en Galicia no ano 2025 que provocaron a activación do Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (en diante, Peifoga) en situación 2.

4. O 7 de xaneiro de 2026, a Dirección de Augas de Galicia propuxo identificar o ámbito territorial e temporal para a exención no canon da auga e no canon de xestión das depuradoras nos núcleos de poboación afectados polos incendios producidos en Galicia no verán e outono do ano 2025.

Consideracións legais e técnicas:

I. A persoa titular da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático é competente para ditar esta orde, de acordo co establecido no artigo 12.5 da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.



II. O artigo 12 da Lei 5/2025, do 23 de decembro, dispón o seguinte:

1. Quedan exentos do pagamento da cota variable do canon da auga e do canon de xestión das depuradoras os consumos de auga realizados nos núcleos de poboación afectados polos incendios producidos en Galicia a partir do 28 de xullo de 2025 que provocaron a activación do Peifoga en situación 2, de acordo cos datos facilitados pola Axega.

O volume total exento será aquel que se corresponda a un mes de consumo do período de facturación que comprenda, total ou parcialmente, o ámbito temporal de vixencia da activación da situación 2 do concreto incendio forestal. Non obstante, no suposto de que o período de vixencia da situación 2 afecte dous períodos de facturación, a exención correspondente a un mes de consumo só se aplicará no segundo período de facturación.

2. As entidades subministradoras veñen obrigadas a aplicar a exención indicada no número anterior nas facturacións que leven a cabo correspondentes ao período de facturación que inclúa o período de exención sinalado no número anterior.

O volume exento determinarase dividindo o volume facturado no período de facturación entre o número de meses obxecto de facturación.

3. No caso de que, no momento da entrada en vigor desta exención, as entidades subministradoras xa teñan facturado algún dos períodos de facturación que inclúan, total ou parcialmente, consumos posteriores ao 28 de xullo de 2025, deberán regularizar o importe do canon repercutido se fose de aplicación a exención por cumprir os requisitos antes sinalados mediante o seguinte procedemento:

a) Anular a factura da auga e emitir unha nova factura co canon da auga correcto unha vez descontado o canon da auga correspondente ao volume de auga exento.

b) No caso de que no momento da anulación a factura xa estivese pagada o canon da auga pagado en exceso será obxecto de devolución ao contribuínte. Non obstante, a entidade subministradora poderá optar por compensar ese importe en futuras facturacións que realice ao dito contribuínte.

c) No caso de que a entidade subministradora xa tivese ingresado ou declarado como impagado ante Augas de Galicia o importe de canon da auga correspondente á factura anulada, deberá proceder á súa declaración na epígrafe «canon anulado correspondente a



liquidacións percibidas e xa autoliquidadas» ou «canon anulado correspondente a liquidacións declaradas como impagadas», respectivamente.

4. No suposto de contribuíntes que se abastezan de fontes propias de abastecemento de auga será Augas de Galicia quen deberá identificar e, se é o caso, aplicar a exención de acordo co procedemento indicado nos dous números anteriores.

III. Así mesmo, o número 5 do artigo 12 da Lei 5/2025, do 23 de decembro, establece que mediante orde da persoa titular da consellería competente en materia de augas se identificará o ámbito territorial e temporal da exención, para o que se terá en consideración para cada incendio o período de activación da situación 2 e os núcleos de poboación directamente afectados polo incendio forestal, así como aqueles núcleos de poboación que, sen vérense directamente afectados polo incendio, eran limítrofes ás distintas fronteiras do incendio.

IV. Unha vez identificados os distintos incendios que cumpren os requisitos de nivel 2 dentro ámbito temporal indicado na Lei 5/2025, do 23 de decembro, identificáronse os núcleos afectados de cara a incluír aqueles núcleos que, sen vérense directamente afectados polos incendios, é previsible que tivesen que facer uso de auga por mor dos citados incendios.

A relación de incendios que provocaron a activación do Plan especial de protección civil ante emerxencias por incendios forestais na Comunidade Autónoma de Galicia (Peifoga), así como a data de inicio e fin da situación 2 en cada núcleo de poboación inclúense como anexo I a esta orde.

En virtude do disposto e consonte o previsto no artigo 12 da Lei 5/2025, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas,

RESOLVO:

1. Identificar, como ámbito temporal da exención do pagamento do canon da auga e do canon de xestión das depuradoras polos usos da auga efectuados como consecuencia dos incendios do verán e outono do ano 2025, o período que vai desde o 28.7.2025 ao 20.12.2025.

2. Identificar, como ámbito territorial da exención do pagamento do canon da auga e do canon de xestión das depuradoras polos usos da auga efectuados como consecuencia dos



incendios do verán e outono do ano 2025, os núcleos de poboación que figuran no anexo II a esta orde.

Publíquese esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 8 de xaneiro de 2026

Ángeles Vázquez Mejuto
Conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático

ANEXO I

Activación do Peifoga por incendios en situación operativa 2

Código incendio	Concello	Parroquia	Situación operativa 2	
			Data inicio	Data fin
2025320404	A Bola	Veiga (San Munio)	23.8.2025	23.8.2025
2025360368	A Cañiza	O Couto (San Bartolomeu)	30.7.2025	1.8.2025
2025320339	A Merca	A Manchica (Nosa Señora de Lourdes)	12.8.2025	12.8.2025
2025320383	A Merca	A Manchica (Nosa Señora de Lourdes)	18.8.2025	18.8.2025
2025320389	A Merca	A Manchica (Nosa Señora de Lourdes)	20.8.2025	20.8.2025
2025320392	A Merca	A Merca (Santa María)	21.8.2025	21.8.2025
2025320334	A Merca	Olás de Vilariño (Santa María)	12.8.2025	12.8.2025
2025320374	A Merca	Zarracós (Santo André)	17.8.2025	18.8.2025
2025320331	A Mezquita	A Mezquita (San Martiño)	12.8.2025	26.8.2025
2025320330	A Pobra de Trives	Xunqueira (San Pedro)	12.8.2025	25.8.2025
2025270316	A Pobra do Brollón	Abrence (San Xoán)	25.8.2025	27.8.2025
2025360534	Agolada	O Sexo (Santiago)	15.8.2025	16.8.2025
2025320396	Amoeiro	Bóveda de Amoeiro (San Paio)	21.8.2025	22.8.2025
2025360348	Arbo	Arbo (Santa María)	29.7.2025	29.7.2025
2025360442	As Neves	San Pedro de Batalláns (San Pedro)	6.8.2025	7.8.2025
2025320411	Avión	Nieva (Santa María)	24.8.2025	26.8.2025
2025320356	Baños de Molgas	Betán (San Martiño)	15.8.2025	15.8.2025
2025320366	Baños de Molgas	Betán (San Martiño)	16.8.2025	16.8.2025
2025320376	Baños de Molgas	Ponte Ambía (Santa María)	17.8.2025	18.8.2025
2025320384	Baños de Molgas	Ponte Ambía (Santa María)	18.8.2025	19.8.2025
2025320364	Beade	As Regadas (San Amaro)	15.8.2025	26.8.2025
2025150270	Camariñas	Xaviña (Santa María)	5.8.2025	6.8.2025
2025320406	Carballeda de Avia	Santo Estevo de Nóvoa (Santo Estevo)	23.8.2025	23.8.2025
2025320361	Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	15.8.2025	26.8.2025
2025320382	Carballeda de Valdeorras	Casaio (Santa María)	18.8.2025	26.8.2025
2025270288	Carballedo	A Cova (San Xoán)	21.8.2025	22.8.2025
2025320322	Cartelle	Anfeoz (Santa Baía)	12.8.2025	13.8.2025
2025320418	Cartelle	Cartelle (Santa María)	26.8.2025	26.8.2025

CVE-DOG: jzuetw80-jsc5-rdx8-gom9-vuyyp5oinywy3



Código incendio	Concello	Parroquia	Situación operativa 2	
			Data inicio	Data fin
2025320403	Cartelle	Couxil (Santa María)	23.8.2025	23.8.2025
2025320372	Cartelle	Espiñoso (San Miguel)	17.8.2025	20.8.2025
2025320368	Castrelo de Miño	Macendo (Santa María)	17.8.2025	17.8.2025
2025320370	Celanova	Mourillós (San Pedro)	17.8.2025	17.8.2025
2025320337	Chandrexa de Queixa	Parafita (San Bartolomeu)	12.8.2025	26.8.2025
2025320380	Coles	A Barra (Santa María)	18.8.2025	18.8.2025
2025320377	Coles	Gustei (Santiago)	18.8.2025	18.8.2025
2025320391	Coles	Gustei (Santiago)	21.8.2025	21.8.2025
2025320409	Coles	Melias (San Miguel)	23.8.2025	23.8.2025
2025320398	Coles	Ribela (San Xillao)	22.8.2025	22.8.2025
2025320402	Cualedro	A Xironda (San Salvador)	23.8.2025	23.8.2025
2025320343	Cualedro	Rebordondo (San Martiño)	12.8.2025	13.8.2025
2025320378	Cualedro	Rebordondo (San Martiño)	18.8.2025	23.8.2025
2025360503	Dozón	O Castro (San Salvador)	12.8.2025	13.8.2025
2025320351	Larouco	Seadur (Santa Mariña)	13.8.2025	26.8.2025
2025320341	Laza	O Castro de Laza (San Pedro)	12.8.2025	13.8.2025
2025320365	Leiro	Bieite (Santo Adrao)	15.8.2025	15.8.2025
2025320306	Maceda	Castro de Escuadro (Santa Baia)	10.8.2025	10.8.2025
			12.8.2025	26.8.2025
2025320328	Maceda	Santiso (Santa María)	12.8.2025	26.8.2025
2025320373	Maside	Amarante (Santa María)	17.8.2025	17.8.2025
2025320401	Maside	Amarante (Santa María)	22.8.2025	22.8.2025
2025320388	Maside	Piñeiro (San Xoán)	20.8.2025	20.8.2025
2025320358	Melón	Melón (Santa María)	15.8.2025	15.8.2025
2025320412	Melón	Melón (Santa María)	25.8.2025	25.8.2025
2025320369	Melón	Quins (Santa María)	17.8.2025	17.8.2025
2025320316	Montederramo	Paredes (Santa María)	12.8.2025	26.8.2025
2025320347	Montederramo	Sas do Monte (San Pedro)	13.8.2025	13.8.2025
2025320359	Montederramo	Sas do Monte (San Pedro)	15.8.2025	25.8.2025
2025320397	Muíños	Requiás (Santiago)	22.8.2025	22.8.2025
2025320400	Muíños	Requiás (Santiago)	22.8.2025	22.8.2025
2025320469	O Bolo	Vilaseco (San Donato)	19.9.2025	19.9.2025
			19.9.2025	20.9.2025
2025320344	O Carballiño	Lobás (Santa Ouxea)	13.8.2025	13.8.2025
2025320349	O Pereiro de Aguiar	Prexigueiró (San Salvador)	13.8.2025	14.8.2025
2025360597	Oia	Mougás (Santa Uxía)	21.8.2025	22.8.2025
2025320335	Oímbra	A Granxa (San Xoán)	12.8.2025	26.8.2025
2025320408	Ourense	Ourense	23.8.2025	23.8.2025
2025320333	Ourense	Seixalbo (San Breixo)	12.8.2025	16.8.2025
2025320360	Paderne de Allariz	Golpellás (Santa Baia)	15.8.2025	15.8.2025
2025320405	Padrenda	Desteriz (San Miguel)	23.8.2025	23.8.2025
2025270357	Pantón	Frontón (San Xoán)	18.9.2025	22.9.2025



Código incendio	Concello	Parroquia	Situación operativa 2	
			Data inicio	Data fin
2025320345	Parada de Sil	San Lourenzo de Barxacova (San Lourenzo)	13.8.2025	13.8.2025
2025320332	Piñor	A Canda (San Mamede)	12.8.2025	12.8.2025
2025320336	Piñor	A Corna (Santa María do Desterro)	12.8.2025	14.8.2025
2025150266	Ponteceso	Corme Aldea (Santo Adrán)	5.8.2025	6.8.2025
2025270335	Quiroga	Vilanuíde (Santo Antonio)	15.8.2025	26.8.2025
2025320394	Ramirás	Grixó (Santa Isabel)	21.8.2025	21.8.2025
2025320416	Ribadavia	Campo Redondo (Santo André)	25.8.2025	25.8.2025
2025320352	Riós	Fumaces e A Trepá (Santa María)	14.8.2025	25.8.2025
2025320371	Riós	Riós (Santa María)	17.8.2025	18.8.2025
2025320379	Riós	Trasestrada (Santo Estevo)	18.8.2025	25.8.2025
2025360440	Salceda de Caselas	A Picoña (San Martiño)	6.8.2025	7.8.2025
2025360317	Salvaterra de Miño	Pesqueiras (Santa Mariña)	28.7.2025	28.7.2025
2025320413	San Amaro	Anllo (Santiago)	25.8.2025	26.8.2025
2025320415	San Amaro	Grixoa (Santa María das Neves)	25.8.2025	25.8.2025
2025320367	San Cibrao das Viñas	Rante (Santo André)	16.8.2025	20.8.2025
2025320399	San Cibrao das Viñas	San Cibrao das Viñas (Santo Ildelfonso)	22.8.2025	23.8.2025
2025320390	San Cristovo de Cea	Covas (Santa María)	20.8.2025	21.8.2025
2025320350	Sarreaus	Bresmaus (San Bartolomeu)	14.8.2025	14.8.2025
2025320385	Sarreaus	Bresmaus (San Bartolomeu)	19.8.2025	19.8.2025
2025320395	Sarreaus	Codosedo (Santa María)	21.8.2025	21.8.2025
2025320362	Taboadela	Taboadela (San Miguel)	15.8.2025	15.8.2025
2025320346	Toén	Moreiras (San Pedro)	13.8.2025	13.8.2025
2025320342	Toén	Toén (Santa María)	12.8.2025	12.8.2025
2025320375	Toén	Xestosa (Santa María)	17.8.2025	17.8.2025
2025150373	Toques	San Martiño de Oleiros (San Martiño)	15.8.2025	15.8.2025
2025320317	Verín	Mourazos (San Martiño)	11.8.2025	11.8.2025
			12.8.2025	18.8.2025
2025320381	Verín	Queizás (San Pedro)	18.8.2025	21.8.2025
2025360593	Vilaboa	Santa Cristina de Cobres (Santa Cristina)	21.8.2025	23.8.2025
2025320407	Vilamarín	Vilamarín (Santiago)	23.8.2025	23.8.2025
2025320386	Vilardevós	Fumaces e A Trepá (Santa María)	19.8.2025	19.8.2025
2025320320	Vilardevós	Moialde (Santa María)	11.8.2025	11.8.2025
			12.8.2025	25.8.2025
2025320246	Vilardevós	Terroso (Santa Cruz)	2.8.2025	3.8.2025
2025320348	Vilardevós	Vilar de Cervos (San Vicente)	13.8.2025	26.8.2025
2025320311	Vilariño de Conso	Mormentelos (Nosa Señora da O)	12.8.2025	26.8.2025
2025320338	Xinzo de Limia	A Pena (San Pedro)	12.8.2025	12.8.2025
2025320363	Xinzo de Limia	Gudín (San Miguel)	15.8.2025	26.8.2025
2025320417	Xinzo de Limia	Lamas (Santa María)	26.8.2025	26.8.2025
2025320410	Xinzo de Limia	Morgade (San Tomé)	24.8.2025	24.8.2025
2025320340	Xunqueira de Ambía	A Abeleda (San Vicente)	12.8.2025	12.8.2025
2025320292	Chandrea de Queixa	Requeixo (Santa María)	11.8.2025	26.8.2025

CVE-DOG: jzuetw80-jsc5-rdx8-gom9-vuyyp5oinywy3



ANEXO II

Núcleos de poboación afectados polos incendios

Concello	Parroquia	Núcleo	Código incendio
A Cañiza	A Cañiza (Santa Teresa)	A Abeleira	2025360368
A Cañiza	A Cañiza (Santa Teresa)	A Castiñeira	2025360368
A Cañiza	A Cañiza (Santa Teresa)	Curuxeiras	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	A Chan do Val	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	A Costa	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	A Perdigota	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	A Rega	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	As Corgas	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	O Carballo da Pedra	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	O Castiñeiro Longo	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	O Regueiro	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	Sibeí	2025360368
A Cañiza	Valeixe (Santa Cristina)	Taín	2025360368
A Gudiña	Pentes (San Mamede)	Mesón do Purrián	2025320331
A Merca	Olás de Vilariño (Santa María)	Vilariño	2025320334
A Pobra de Trives	Cotarós (Santiago)	Cotarós	2025320337
A Pobra de Trives	Cova (Santa María)	Cova	2025320337
A Pobra de Trives	Pena Petada (Santo Estevo)	Pena Petada	2025320337
A Pobra de Trives	Somoza (San Miguel)	A Anagaza	2025320337
A Pobra do Brollón	Abrence (San Xoán)	Golmar	2025270316
A Rúa	Roblido (San Xoán)	Roblido	2025320351
A Rúa	San Xulián (San Xulián)	San Xulián	2025320351
Agolada	O Sexo (Santiago)	A Costa	2025360534
Agolada	O Sexo (Santiago)	O Sexo	2025360534
Agolada	O Sexo (Santiago)	O Souto	2025360534
As Neves	San Pedro de Batalláns (San Pedro)	A Abelleira	2025360442
As Neves	San Pedro de Batalláns (San Pedro)	Lousadela	2025360442
As Neves	San Pedro de Batalláns (San Pedro)	San Pedro de Batalláns	2025360442
Carballeda de Avia	Abelenda das Penas (Santo André)	Sariñás	2025320361
Carballeda de Avia	Carballeda (San Miguel)	Saa	2025320361
Carballeda de Avia	Carballeda (San Miguel)	Vilariño	2025320361
Carballeda de Avia	Santo Estevo de Nóvoa (Santo Estevo)	Santo Estevo	2025320361
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	As Fermosas	2025320361
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	Os Prados	2025320361
Carballeda de Avia	Vilar de Condes (Santa María)	Vilar de Condes	2025320361
Carballedo	Oleiros (San Miguel)	Soutelo	2025270288
Cartelle	Cartelle (Santa María)	A Teixugueira	2025320418
Castrelo do Val	Pepín (San Vicente)	Pepín	2025320335
Chandrexa de Queixa	Casteligo (San Martiño)	Casteligo	2025320337



Concello	Parroquia	Núcleo	Código incendio
Chandrexa de Queixa	Casteligo (San Martiño)	O Chao	2025320337
Chandrexa de Queixa	Chandrexa (San Pedro)	Bretelo	2025320337
Chandrexa de Queixa	Chandrexa (San Pedro)	O Castelo	2025320292
Chandrexa de Queixa	Forcadas (Santa María)	Forcadas	2025320337
Chandrexa de Queixa	Parada Seca (Santa María)	Parada Seca	2025320337
Chandrexa de Queixa	Parafita (San Bartolomeu)	Parafita	2025320337
Chandrexa de Queixa	Requeixo (Santa María Madanela)	Requeixo	2025320292
Chandrexa de Queixa	Requeixo (Santa María Madanela)	Zamorela	2025320292
Cualedro	A Xironda (San Salvador)	A Pedrosa	2025320335
Cualedro	Carzoá (San Roque)	Carzoá	2025320335
Cualedro	Lucenza (Santa María)	Lucenza	2025320335
Cualedro	Montes (Santa Baia)	Lamas	2025320335
Cualedro	Montes (Santa Baia)	San Martiño	2025320335
Cualedro	Montes (Santa Baia)	Santa Baia de Montes	2025320335
Cualedro	Rebordondo (San Martiño)	Rebordondo	2025320335
Cualedro	San Millao (Santa María)	San Millao	2025320335
Cualedro	Vilela (Santiago)	Lamalonga	2025320335
Cualedro	Vilela (Santiago)	Moimenta	2025320335
Dozón	Dozón (Santa María)	Rebordecovo	2025360503
Dozón	O Castro (San Salvador)	A Aldea de Arriba	2025360503
Dozón	O Castro (San Salvador)	Mizoite de Arriba	2025360503
Larouco	Freixido (Sagrado Corazón de Xesús)	A Caseta	2025320351
Larouco	Freixido (Sagrado Corazón de Xesús)	Freixido	2025320351
Larouco	Seadur (Santa Mariña)	Seadur	2025320351
Laza	Laza (San Xoán)	Souteliño	2025320335
Laza	Retorta (Santa María)	Arcucelos	2025320335
Leiro	Lamas (Santa María)	A Serra	2025320361
Maceda	A Costa (Santiago)	A Palela	2025320328
Maceda	Santiso (Santa María)	Calveliño do Monte	2025320328
Manzaneda	Cesuris (Santa María)	San Pedro	2025320337
Manzaneda	Paradela (Santo Antonio)	Paradela	2025320337
Manzaneda	Placín (Santiago)	Tonxil	2025320337
Melide	O Meire (San Pedro)	Penagundín	2025150373
Melón	Quins (Santa María)	Quins	2025320361
Montederramo	Covas (San Xoán)	Casar do Mato	2025320328
Montederramo	Gabín (San Pedro)	O Teixedo	2025320306
Monterrei	A Madanela (Santa María)	A Madanela	2025320335
Monterrei	Estevesiños (San Mamede)	Estevesiños	2025320335
Monterrei	Estevesiños (San Mamede)	Mixós	2025320335
Monterrei	Flariz (San Pedro)	A Caridade	2025320335
Monterrei	Infesta (San Vicenso)	Infesta	2025320335
Monterrei	Medeiros (Santa María)	Medeiros	2025320335



Concello	Parroquia	Núcleo	Código incendio
Monterrei	Monterrei (Santa María)	A Pousa	2025320335
Monterrei	Monterrei (Santa María)	Monterrei	2025320335
Monterrei	Rebordondo (San Martiño)	Paradiña	2025320335
Monterrei	San Cristovo (San Cristovo)	San Cristovo	2025320335
Monterrei	Vilaza (San Salvador)	A Salgueira	2025320335
O Barco de Valdeorras	Cesures (San Clemente)	Cesures	2025320351
O Barco de Valdeorras	Forcadela e Nogaledo (Santiago)	Reporicelo	2025320351
O Barco de Valdeorras	Santa Mariña do Monte (Santa Mariña)	Fervenza	2025320351
O Barco de Valdeorras	Santa Mariña do Monte (Santa Mariña)	O Meiral	2025320351
O Barco de Valdeorras	Santa Mariña do Monte (Santa Mariña)	Santa Mariña	2025320351
O Barco de Valdeorras	Santigoso (San Miguel)	Castro	2025320351
O Barco de Valdeorras	Xagoaza (San Miguel)	Ferradal	2025320351
O Bolo	O Seixo (Santo Anxo)	O Seixo	2025320351
Oímbra	A Granxa (San Xoán)	A Granxa	2025320335
Oímbra	A Granxa (San Xoán)	As Casas dos Montes	2025320335
Oímbra	As Chás (Santa María das Neves)	As Chás	2025320335
Ourense	Seixalbo (San Breixo)	Bemposta	2025320333
Padrenda	Desteriz (San Miguel)	Lordelo	2025320405
Pantón	Acedre (San Romao)	A Abelaira	2025270357
Pantón	Acedre (San Romao)	Budián	2025270357
Pantón	Acedre (San Romao)	Cima de Vila	2025270357
Pantón	Acedre (San Romao)	O Cotillón	2025270357
Pantón	Acedre (San Romao)	San Romao	2025270357
Pantón	Cangas (Santiago)	A Oseira	2025270357
Pantón	Cangas (Santiago)	Cima de Vila	2025270357
Pantón	Cangas (Santiago)	Güiande	2025270357
Pantón	Cangas (Santiago)	Pacios	2025270357
Pantón	Cangas (Santiago)	Vilar	2025270357
Pantón	Frontón (San Xoán)	A Chaira	2025270357
Pantón	Frontón (San Xoán)	A Estación	2025270357
Pantón	Frontón (San Xoán)	Amorín	2025270357
Pantón	Frontón (San Xoán)	Frontón	2025270357
Pantón	Frontón (San Xoán)	Lornís	2025270357
Pantón	Frontón (San Xoán)	Seragude	2025270357
Pantón	Pombeiro (San Vicente)	Penaveada	2025270357
Pantón	Pombeiro (San Vicente)	San Cosmede	2025270357
Parada de Sil	San Lourenzo de Barxacova (San Lourenzo)	Barxacova	2025320345
Petín	Freixido (Sagrado Corazón de Xesús)	Casasola	2025320351
Petín	Freixido (Sagrado Corazón de Xesús)	Freixido de Abaixo	2025320351
Petín	Mones (San Miguel)	Mones	2025320351
Petín	Mones (San Miguel)	San Paio	2025320351
Petín	Santa María de Mones (Santa María)	Carballal	2025320351



Concello	Parroquia	Núcleo	Código incendio
Petín	Santa María de Mones (Santa María)	O Porto	2025320351
Petín	Santa María de Mones (Santa María)	Santa María	2025320351
Petín	Santoalla do Monte (Santa Oalla)	Santoalla	2025320351
Ponteareas	Guláns (San Xulián)	O Padrán	2025360440
Ponteceso	Corme Aldea (Santo Adrán)	A Costa	2025150266
Quiroga	Augas Mestas (Santiago)	O Fuluxento	2025270316
Quiroga	Augas Mestas (Santiago)	Parada	2025270316
Quiroga	Bendilló (Santa María)	Vilar de Mondelo	2025270335
Quiroga	Cereixido (Santa María)	Feais	2025270335
Quiroga	Montefurado (San Miguel)	Centeais	2025270335
Quiroga	Montefurado (San Miguel)	Ferreira	2025270335
Quiroga	Montefurado (San Miguel)	Os Albaredos	2025270335
Quiroga	Montefurado (San Miguel)	San Martiño de Alvaredos	2025270335
Quiroga	Quintá de Lor (Santa María)	O Freixeiro	2025270316
Quiroga	Quintá de Lor (Santa María)	San Pedro	2025270316
Quiroga	Quintá de Lor (Santa María)	Santa Andrea	2025270316
Quiroga	Vilanuíde (Santo Antonio)	As Chouzas	2025270335
Quiroga	Vilanuíde (Santo Antonio)	Vilanuíde	2025270335
Quiroga	Vilarmel (San Lourenzo)	Paradapiñol	2025270335
Quiroga	Vilarmel (San Lourenzo)	Rugando	2025270335
Quiroga	Vilarmel (San Lourenzo)	Vilarmel	2025270335
Riós	Progo (San Miguel)	Pousada	2025320320
Riós	Trasestrada (Santo Estevo)	O Souto	2025320379
Salceda de Caselas	A Picoña (San Martiño)	A Arrotea	2025360440
Salceda de Caselas	A Picoña (San Martiño)	Pedrapinta	2025360440
Salvaterra de Miño	Salvaterra (San Lourenzo)	Codesás	2025360317
Salvaterra de Miño	Salvaterra (San Lourenzo)	Lagares	2025360317
San Amaro	Grixa (Santa María das Neves)	O Cruceiro	2025320415
San Cibrao das Viñas	Noalla (San Salvador)	Áspera	2025320333
San Cibrao das Viñas	Noalla (San Salvador)	Veiga	2025320333
San Cibrao das Viñas	Rante (Santo André)	Barreiros	2025320367
Sober	Anllo (Santo Estevo)	Castinande	2025270357
Sober	Anllo (Santo Estevo)	Hortás	2025270357
Sober	Rosende (San Miguel)	A Airexa	2025270357
Sober	Rosende (San Miguel)	Areas	2025270357
Sober	Rosende (San Miguel)	Os Ferreiros	2025270357
Sober	Rosende (San Miguel)	Outeiro	2025270357
Sober	Rosende (San Miguel)	Rosende	2025270357
Trasmiras	Vila de Rei (San Salvador)	Seixas	2025320363
Trasmiras	Vilar de Lebres (San Salvador)	A Serralleira	2025320363
Trasmiras	Vilar de Lebres (San Salvador)	Vilar de Lebres	2025320363
Viana do Bolo	Pexeiros (Santa María)	Bouza	2025320331



Concello	Parroquia	Núcleo	Código incendio
Viana do Bolo	Pradocabalos (Santa María)	O Castro	2025320331
Vilamartín de Valdeorras	A Portela (San Xulián)	Baxeles	2025320351
Vilamartín de Valdeorras	Cernego (San Víctor)	Cernego	2025320351
Vilamartín de Valdeorras	Cernego (San Víctor)	O Robledo	2025320351
Vilamartín de Valdeorras	Correxais (San Pedro)	Correxais	2025320351
Vilamartín de Valdeorras	Correxais (San Pedro)	Penouta	2025320351
Vilamartín de Valdeorras	O Mazo (Santo Antonio)	O Mazo	2025320351
Vilamartín de Valdeorras	San Miguel do Outeiro (Santo Antonio)	San Miguel do Outeiro	2025320351
Vilamartín de Valdeorras	San Vicente de Leira (San Vicente)	San Vicente	2025320351
Vilardevós	Moialde (Santa María)	Santa Comba de Baroncelle	2025320320
Vilardevós	Osoño (San Pedro)	A Veiga das Meás	2025320348
Vilariño de Conso	San Mamede de Hedrada (San Mamede)	San Mamede de Hedrada	2025320311
Xinzo de Limia	Gudín (San Miguel)	Gudín	2025320363
Xinzo de Limia	Novás (San Nicolao)	O Mosteiro	2025320363

